



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Curso Académico: 2023-24

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	María José Vázquez Vila
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	mariaj.vazquez.vila@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	23 de setembro de 2010
Data acreditación ex ante (verificación)	30 de xuño de 2010
Data renovación acreditación	8 de xullo de 2015

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502236 P.Ind 2023-24
			2502236 INF.16 2023-2024
			2502236 INF.CIUG 2023-2024
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2023-2024 (n/d)
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502236 P.Ind 2023-24
			2502236 INF03 2023 2024
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502236 P.Ind 2023-24
			2502236_INF.04_2023-2024 (n/d)
			5011_INF.05_2023-2024 (n/d)
			2502236 INF.06 2023-2024
			2502236 INF.07 2023-2024
			2502236 INF.08 2023-2024
			2502236 INF.09 2ºS 2023 2024
			5011 INF.10 2023-2024
			5011 INF.11 2023-2024
			2502236 INF.13 2023-2024
			2502236 INF.14 2023-2024
			5011 INF.21 2023 2024
			2502236 INF.22 2023-2024
			2502236 INF.23 2023-2024
			2502236 Informe de Indicadores 2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502236 P.Ind 2023-24
			2502236 Informe de Indicadores 2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2502236 E15 2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011 E16 2023-2024

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502236_INF.13_2023-2024
			2502236_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011_I10_2023-2024
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502236_INF.15_2023-2024
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502236_P.Ind_2023-24
			2502236_INF.17_2023-2024
			2502236_INF.18_2023-2024
			2502236_INF.19_2023-2024
			2502236_INF.SIIU_2023-2024
			2502236_Informe de Indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502236_P.Ind_2023-24
			2502236_INF.CIUG_2023-2024
			2502236_Informe de Indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502236_EIL-SIIU_2023-2024 (n/d) 2502236_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502236_P.Ind_2023-24 2502236_Informe de Indicadores_2023-2024 2502236_MedUSC_2023-2024

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido)

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Antecedentes

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

Seguimento do Plan de Viabilidade: O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017. No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace:

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

Grao Aberto: O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.


No curso 2021-2022, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do 5 de abril de 2022, apróbase a modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías para o curso 2022-2023 en dous aspectos importantes: elimínase a participación do Grao en Robótica e redúcese de 90 ECTS a 60 ECTS. A modificación da memoria do Grao Aberto 5USC Enxeñarías, foi aprobada no Consello de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, pasando a denominarse Grao Aberto USC Enxeñarías. En consecuencia, a partires do curso 2022- 2023 o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pasará a estar en Extinción.

Matrícula

No GEPQI ofertáronse 45 prazas de nova matrícula para o curso 2023-24. Segundo os datos proporcionados pola CIUG (**2502236_INF CIUG_2023-2024**) parecen indicar que existe certo interese polo título, xa que a relación do número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral mantense en 2,5 como no ano anterior, así para as 38 prazas ofertadas na cota xeral houbo 94 solicitudes e foron admitidos 24 estudantes. Das solicitudes presentadas, 15 elixiron este grao en 1ª opción, e 13 deles matriculáronse nesa quenda. Finalmente iniciaron os estudos no GEPQI 20 estudantes (**IN03G**).


Evolución do número de estudantes de novo ingreso

Na seguinte figura amósase a evolución do número de estudantes do grao tanto no número total coma dos novos estudantes en primeiro curso.



Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros seis cursos (CIUG).

Tal e como se mostra na figura anterior, no curso 2023-24 o número de novos estudantes se mantén unha media de 24,8 estudantes, pero se aos 20 estudantes de novo ingreso engadímoslle os 2 que son do grao aberto USC Enxeñaría pero que están matriculados en materias do GEPQI, e que posteriormente continúan o seus estudos neste título tal e como se observa no seguinte gráfico.



Evolución dos datos de matrícula GEPQI + Grao Aberto USC Enxeñaría dende a súa implantación.

No curso 2023-2024 pódese resaltar que houbo 20 estudantes de novo ingreso matriculados para un número de prazas ofertadas na cota xeral de 38, esta relación representa que o 53% das prazas ofertadas na cota xeral foron cubertas. Hai que ter en conta que os 2 estudantes do Grao Aberto USC Enxeñaría non están contemplados neste número, polo que en realidade son 22 os estudantes que se incorporaron ao GEPQI. A taxa de ocupación (**IN12G**) descende con respecto ao curso anterior, máis a media de alumnado de novo ingreso nos últimos 6 cursos mantense en ao redor dos 25 estudantes.

Perfil de ingreso

Dos 20 estudantes novos matriculados no grao, todos eles comezaban estudos na universidade (**IN03G**), o 94% procedían do Bacharelato e o resto da Formación Profesional (Informe CIUG). Estes datos tamén revelan que entre os novos estudantes matriculados no grao a porcentaxe de mulleres é do 65% (**IN04G**) maior á proporción global de mulleres no título (54% mulleres, **IN02G**), e un valor moi superior ao 28,1% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso dos estudantes procedentes de Bacharelato foi de 8,28, e os estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota media de 6,46. O 100% dos estudantes admitidos teñen unha nota media superior a 6.

Por último, indicar que o 10% dos estudantes de novo ingreso matriculados no Grao de Procesos Químicos Industriais, no curso 2023-2024, son estudantes de países da Unión Europea ou con acordos nacionais. En canto a distribución dentro de Galicia, seguen sendo os estudantes procedentes da zona norte os que cobren as prazas en maior porcentaxe (81%), e do sur indicar que hai 3 estudantes da provincia de Pontevedra e ningún de Ourense.

Perfil de egreso

Para o curso 2023-2024 os datos dispoñibles son os mesmos do pasado curso, polo que citamos o mesmo que na memoria de seguimento do pasado ano, é dicir, son datos correspondentes aos egresados no ano 2014-2015, do Estudo de Inserción Laboral que a ACSUG (EIL1415) elaborou dende xaneiro de 2021 ata marzo do mesmo ano. Neste estudo indican que o 90% traballan actualmente; sendo a poboación de estudo unha mostra cun 60% mulleres e un 40% homes, cabe sinalar que traballan o 83% das mulleres e o 100% dos homes.

O 50% elixiran o título como primeira opción. O 70% buscou traballo dende que rematou, tardando unha media de 9,9 meses en atopalo. Distribuídos na xeografía galega, traballan maioritariamente na provincia de A Coruña (56%), seguido de Pontevedra (22%); en Lugo traballa un 11%, a mesma porcentaxe que noutras provincias españolas.

O 89% teñen un contrato indefinido, sendo indefinido no 80% das mulleres, mentres que nos homes o 100% é indefinido. Nestes traballos o 89% desenvolven funcións de nivel universitario.

O soldo está en valores medios de 1550 €/mes as mulleres e 1625 €/mes no caso dos homes.

Practicamente o 90% volverían facer estudos universitarios, a mesma titulación e na mesma universidade.

■ Criterio 2. Información e transparencia

A vontade do centro (xa expresada no seu plan de calidade) respecto da información pública e a transparencia da información do GEPQI, é continuar coa mesma política xa aplicada noutros títulos do centro, consistente en publicar e facer accesible toda a información dispoñible a través da web do centro, práctica xa habitual na Facultade de Ciencias

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

A información total referida ao título atópase de xeito público e accesible na páxina web do centro, en concreto nos enlaces para os graos:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI):
<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais>

- Grao Aberto 5USC Enxeñarías (5USC):

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/programa-grao-aberto-5usc-enxenarias>

Entre a información dispoñible hai datos sobre o plan de estudos, os indicadores de calidade ou o equipo docente, tal e como se amosa na imaxe seguinte.

Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Tipo Presencial
Área Enxeñaría e Arquitectura
Centro(s) Facultade de Ciencias
 Auda, Alfonso X O
 Sabio, s/n, 27002
 Lugo
 982824095
 (Consenxaría)
 982824009
 (Decanato)
 ciencias.decanato
 @usc.gal

Campus Lugo


[Admisión e matrícula](#)
[Normativa](#)
[Bolsas e axudas](#)

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial, e ten como obxectivo a formación de persoas capaces de dar resposta ás necesidades no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial, así como o desenvolvemento de proxectos

Presentación

Plan de estudos por curso

Plan de estudos por módulos

Oferta e admisión

Recursos materiais

Obxectivos e competencias

Mobilidade e prácticas

Saídas profesionais

Traballo de Fin de Grao

Curso ponte

Equipo docente

Indicadores de calidade

Duración: 4
Prezo/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito
 (1º curso: 835,80 €) | Non UE: 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €)
Número prazas: 45
Nota de corte no curso precedente: 5,410

 [Memoria do título](#)

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.

A titulación persegue como obxectivo xeral a formación de persoas capaces de daren resposta ás necesidades reais da sociedade no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial no sentido máis amplo, na que se inclúen a industria química e petroquímica, farmacéutica, alimentaria, téxtil, ambiental e outras afíns.

 Os contidos desta páxina actualizáronse o 03.07.2023.

Páxina web do GEPQI (Curso 2023-2024)

Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura

Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías

Nova oferta

Modalidade	Presencial
Rama de coñecemento	Enxeñaría e Arquitectura
Centro(s)	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría Rúa Benigno Ledo, 27002 Lugo 982823008 (Conserxaría) 982823011 (Dirección) eps.secretaria.dir@usc.gal Facultade de Ciencias Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002 Lugo 982824095 (Conserxaría) 982824009 (Decanato) ciencias.decanato@usc.gal
Campus	Lugo



O Grao Aberto "USC Enxeñarías" é unha opción novidosa en España que permite aos estudantes comezar a súa formación universitaria escollendo libremente materias de 4 graos diferentes do ámbito das enxeñarías durante o primeiro ano de carreira para despois decidirse por unha titulación concreta (Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Civil, Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural).

Esta opción facilita coñecer aspectos básicos de distintas disciplinas durante o primeiro ano e, despois permite ao alumnado a posibilidade de seguir o itinerario do grao que mellor se adapta a súas expectativas laborais e formativas.

[Admisión e matrícula](#)

[Normativa](#)

[Bolsas e axudas](#)

[Prezos públicos](#)

[Notas de corte](#)

[Calendario de Graos](#)

Presentación

Plan de estudos por curso

Plan de estudos por módulos

Acceso e admisión

Equipo docente

Duración: 1 ano académico

Código RUCT: 7700006

Número prazos: 10

Decano/a ou director/a do centro:

ASTERIA MARIA LUZARDO ALVAREZ
asteriam.luzardo@usc.es

Linguas de uso:

Castelán, Galego

Universidade coordinadora:

Universidade de Santiago de Compostela

Universidade(s) participante(s):

Universidade de Santiago de Compostela

[Memoria do título](#)

O Programa de Grao Aberto "USC Enxeñarías" permite aos estudantes máis liberdade na matrícula no primeiro curso, para posteriormente continuar estudos no grao que realmente lle interesa.

As titulacións que conforman este Grao Aberto, e que poden ser as titulacións finais de destino dos estudantes, son os graos de:

- o Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (habilitante para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial)
- o Enxeñaría Civil (habilitante para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico en Obras Públicas)
- o Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (habilitante para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Forestal)
- o Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (habilitante para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Agrícola)

Todos estes títulos, impartidos pola USC teñen o recoñecemento a nivel europeo ao estar adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), contan co mellor posicionamento nos rankings nacionais e internacionais e o recoñecemento de diferentes selos de calidade internacional.

Cada estudante poderá escoller o seu propio itinerario sempre co asesoramento dun titor/a académico que lle axudará a tomar as decisións sobre materias e horarios en función do seu perfil e intereses.

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias que *"alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)"*. En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 8ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2023-24, a Facultade de Ciencias elaborou o seu **Plan Estratéxico de Centro 2024-2026**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as liñas e obxectivos estratéxicos a desenvolver nos vindeiros anos. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-03/plan-estrategico-fciencias-2024-2026.pdf>

Revisión do plan de melloras do curso anterior

Con motivo da renovación da Certificación de Implantación do SGC durante o curso 2022-23 a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratéxico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento. Derivado disto, e seguindo instrucións da Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratéxico 2024-26 que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 (**AMF2324-1.-** Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade). Esta acción de mellora atópase executada con éxito tal e como se recolle nas actas da Comisión de Calidade.

No que atinxe especificamente ao Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, non se planificaron accións de mellora para o curso 2023-24.

Por outra banda cabe sinalar que o GEPQI neste momento ten que modificarse para cumprir o RD 822/2021, pois as súas mencións tal e como están non compren con dito RD, polo tanto, créese que é unha oportunidade transformalo nun Grao que siga sendo profesionalizante e que teña unha mención Dual que resultase de interese para a formación dos estudantes e o tecido empresarial. Derivado disto, no Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026 foi incluída unha acción de mellora co código AMF2526-8 para transformar a estrutura do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais nun Grao con mención dual.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

O PDI que imparte docencia no GEPQI está adscrito aos departamentos que se relacionan nas táboas seguintes, xunto co número de profesores en cada caso.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO				
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas
Posdoutoral outros	1	2.56%	15.0	0.61%
Profesor/a Asociado/a de Universidade LOU	3	7.69%	97.0	3.97%
Profesor/a Catedrático/a de Universidade	4	10.26%	241.0	9.85%
Profesor/a Contratado/a Interino/a por Vacante - T3	1	2.56%	126.0	5.15%
Profesor/a Profesor Axudante Doutor LOU	1	2.56%	194.0	7.93%
Profesor/a Profesor Contratado/a Doutor	5	12.82%	494.0	20.2%
Profesor/a Titular de Escola Universitaria	1	2.56%	49.0	2.0%
Profesor/a Titular de Universidade	23	58.97%	1230.0	50.29%
Total general	39	100.0%	2446.0	100.0%

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA				
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora
Electrónica e Computación	[075] Ciencia da Computación e Inteligencia Artificial	1	5	1
Enxeñaría Agroforestal	[305] Expresión Gráfica da Enxeñaría	1	0	0
	[500] Enxeñaría Agroforestal	4	19	6
	[590] Máquinas e Motores Térmicos	1	6	0
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	5	17	11
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	3	6	1
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2	9	8
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	6	26	20
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	3	15	7
Organización de Empresas e Comercialización	[650] Organización de Empresas	1	4	1
Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[720] Proxectos de Enxeñaría	1	3	2
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermería e Medicina	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	0	0
Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía	[750] Química Analítica	2	12	5
Química Física	[755] Química Física	4	16	10
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	2	10	7
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	2	12	12
Total general		39	160	91

A tipoloxía do profesorado é axeitada cun alto predominio de profesorado con vinculación permanente (**IN26G**), sexa funcionario ou contratado, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é 76,92% no GEPQI e 52,80% na USC. Ademais conta cunha experiencia docente e traxectoria investigadora destacada, tal e como pode verse na relación de quinquenios docentes e sexenios de investigación que se acompaña por área de coñecemento (PDI con sexenios (**IN24G**) sobre PDI total 88,24% no GEPQI e 86,46% na USC).

Por outra banda, no curso 2023-2024 a porcentaxe de profesorado do GEPQI que participou en actividades de formación (**Informe 5011_I6-I7_2023-2024**) foi do 33,33%, sendo esta porcentaxe similar ás outras titulacións da facultade.

Por todo isto, o perfil do profesorado considérase axeitado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación que se indican na táboa seguinte:

Cadro de persoal de Administración e Servizos

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Ciencias. Curso 2023-2024				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	20 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	17 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	COORDINADOR/A SERVIZOS XERAIS	0 ano(s), 3 mes(es) e 16 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM SERV. CIENCIAS	Técnico servizos xerais	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVIZOS	0 ano(s), 1 mes(es) e 16 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	23 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNIL. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	2 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	16 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2024

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar: *xestionar a actividade de laboratorio e apoio á docencia*.

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Nas enquisas de satisfacción do PAS co seu traballo, amósase un bo resultado cunha valoración global de 4,04 sobre 5 (**5011_INF.21_2023_2024**) que confirma o dito anteriormente.

Ademais este colectivo continúa participando no plan de formación durante o curso 2022-2023 (**5011_I6-I7_2023-2024**) cun valor máis elevado que nos anos anteriores, 88,89% e amosando unha satisfacción media cos cursos atendidos de 7,98 sobre 10 (**5011_INF.11_2023_2024.pdf**, sen desagregar por centros).

Por tódolos aspectos mencionados anteriormente considérase que o cadro de persoal resulta ser axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no GEPQI e ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do GEPQI, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Na actualidade o centro dispón de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas distribuídos no edificio de laboratorios. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi. Ademais a Facultade conta con 16

aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor. Ademais, o 50% das aulas (8) dispón de equipamento para docencia on-line (cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo).

Para a docencia interactiva dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen taboleiros dixitais.

